

Solicitud de modificación das bases específicas para a convocatoria dunha praza de técnico/a de normalización lingüística no Concello de Redondela

Anxos Sobriño Pérez, como presidenta da Coordinadora de Traballadores/as de Normalización da Lingua (CTNL), con CIF G-15542897, enderezo postal no apartado de correos 170 de Santiago de Compostela, enderezo electrónico info@ctnl.gal e teléfono de contacto 629 571 950,

EXPOÑO

O 22 de abril de 2016 o Concello de Redondela publicou no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* o anuncio de modificación das bases xerais e bases específicas para a convocatoria dos procesos selectivos correspondentes á oferta pública de emprego do ano 2013. Nestas bases inclúese a convocatoria dunha praza de técnico/a de normalización lingüística equiparada ao subgrupo A2 da función pública.

A CTNL, como entidade que agrupa os/as traballadores/as de normalización da lingua, quere expresar as seguintes consideracións:

1. En primeiro lugar, desde o noso colectivo cremos que a convocatoria pública dunha praza de técnico/a de normalización lingüística como persoal laboral fixo por parte do Concello de Redondela é unha boa noticia. Valoramos positivamente que a corporación redondelá consolide no seu cadro de persoal un posto de traballo técnico para o desenvolvemento de tarefas de normalización da lingua galega.
2. Unha vez sinalado isto, temos que indicar que, verbo das características da praza que se anuncia nas devanditas bases específicas, detectamos varios aspectos que cumpriría corrixir:



- a. Debido ás funcións reais que se teñen que desenvolver e aos coñecementos e capacidades necesarias para desenvovelas, as prazas de técnico/a de normalización lingüística deben estar equiparadas ao **subgrupo A1 da función pública**, e non ao subgrupo A2, tal e como aparece nas bases específicas. Como mostra das funcións dun SNL, no documento anexo incluímos a proposta elaborada pola CTNL para o Encontro de Política Lingüística Municipal que tivo lugar en Santiago de Compostela o 16 de novembro de 2015.

Alén disto, a convocatoria de axudas que a Xunta de Galicia destina ás administracións locais para a promoción do uso da lingua recolle que **o persoal técnico debe estar encadrado dentro do grupo I de cotización do réxime xeral da Seguridade Social** (artigo 5.1, segundo parágrafo, da Orde do 31 de marzo de 2016 pola que se establecen as bases para a concesión de subvencións ás entidades locais de Galicia para a promoción do uso da lingua galega, publicada no DOG do 19 de abril de 2016). É dicir, o grupo de cotización correspondente a licenciados (subgrupo A1 da función pública).

- b. De acordo co anterior, debe ser requisito das persoas aspirantes estar en posesión do título de **grao ou licenciatura universitaria** equivalente. Nas bases específicas publicadas polo Concello de Redondela considérase equivalente ao grao en Filoloxía Galego-Portuguesa, Filoloxía Galega, Filoloxía Hispánica (subsección Galego-Portugués) e Lingua e Literatura Galegas “a posesión da diplomatura nas ditas especialidades consonte o sistema educativo anterior”. No entanto, **no sistema educativo anterior non existen diplomaturas nestas especialidades: as titulacións equivalentes nestas especialidades son licenciaturas** (en Filoloxía Galego-Portuguesa, Filoloxía Galega ou Filoloxía Hispánica, subsección Galego-Portugués). A convocatoria de axudas da Xunta de Galicia citada no parágrafo anterior tamén indica que as titulacións equivalentes aos graos nesas especialidades son licenciaturas (artigo 5.1).



- c. Así mesmo, en relación co requisito de coñecemento da lingua galega, dado que entre as funcións dun/dunha técnico/a de normalización lingüística está o asesoramento lingüístico (fixar criterios lingüísticos, resolver dúbidas, mellorar a calidade lingüística e comunicativa...), cómpre que os/as aspirantes teñan un coñecemento alto da nosa lingua. Daquela, debe esixirse un **certificado de nivel 5 (Celga 5)** e non un certificado de nivel 4 (Celga 4), que se acada só co dominio obtido ao finalizar os estudos de Bacharelato. Este último nivel (Celga 4) é claramente insuficiente para realizar funcións de asesoramento lingüístico.

En consecuencia, SOLICITO

1. Que se modifiquen as bases específicas para a convocatoria dunha praza de técnico/a de normalización lingüística e se equipare esta ao **subgrupo A1 da función pública**.
2. Consecuentemente, que se fixe como requisito dos/das aspirantes a **titulación de grao ou de licenciatura**.
3. Que se estableza como requisito lingüístico da praza o **certificado de lingua galega do nivel 5 (Celga 5)**.

Finalmente, se o consideran necesario, desde a CTNL ofrecémoslles apoio e asesoramento para o que poidan necesitar no desenvolvemento deste proceso selectivo.

Pontevedra, 4 de maio de 2016

Anexo: Funcións dos servizos de normalización lingüística municipais